

Historia do presente

Información adicional

Emma Arias Blanco 4ºESO B

Naquela época era obrigatorio facer mínimo un ano de servizo militar, pero había xente que quería seguir estando aí voluntariamente. Para isto, debían acudir a unha academia para formarse máis (que duraba entre 4 e 6 meses), pasar uns exames e volvían á base. A partir de aí tíñase que ir ascendendo de posición, pois se non vían avance nun soldado, podían botalo do servizo definitivamente ao rematar o seu contrato. Moita xente facía isto, pero co paso dos anos fóronse acurtando os anos de servizo militar obrigatorio ata que foi desaparecendo o deber de acudir.

Cando era o momento de inscribirse ao exército, se sobraba xente, facíase un sorteo e entraban os xustos para as prazas dispoñibles. Estes homes que quedaban sen ir eran denominados excedentes de cupo. Cando isto lle pasaba a alguén, quedaba constancia diso, o que o perxudicaba, facendo que non puideses traballar para o estado (pois debíase ter a formación básica do servizo militar).

No 1990, ao seguir sendo o servizo militar obrigatorio, estaba moi normalizado, así que polo xeral as familias non estaban nerviosas ou moi preocupadas por que os seus fillos fosen alí (ademáis, na familia do meu pai xa fora o seu irmán había dous anos). De feito, estaba considerado unha deshonra que os teu fillos non fosen ao exército, pois ías a servir ao teu país, e tampouco se podían negar a non ser que fosen excedentes de cupo. A maiores disto, os meus avós xa viviran unha ditadura e o medo estaba moi asentado polo país, pero aínda así, a nostalxia e a resignación non podían faltar nos fogares.